



A PGA esixiu maior contundencia no traslado á cidadanía do posicionamento antitransxénico por parte do BNG

Compostela 13 febreiro 09.

Na tarde de onte, xoves 12 de febreiro, representantes da Plataforma Galega Antitransxénicos trasladaron ao Bloque Nacionalista Galego propostas concretas* de cara a executar os puntos recollidos no documento aprobado o pasado 26 de novembro no Parlamento Galego*.

Esta xuntanza enmárcase dentro das solicitudes de reunión realizadas aos tres grupos políticos maioritarios da Galiza, á espera de resposta por parte do PSdG-PSOE e PP.

Neste encontro, Ana Pontón, voceira do BNG na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Galego, dando conta dos posicionamentos recollidos dentro do programa electoral, concretou a plena coincidencia coa PGA na pertinencia de que a **Galiza sexa incluída na Rede de Rexións Europeas Libres de Transxénicos.**

PGA e BNG subliñaron a necesidade de transferir as competencias necesarias para **efectivizar o dereito do pobo galego a decidir o tipo de alimentación e modelos de produción que queremos para o noso país.**

Neste senso salientouse a clara vinculación entre a introdución de organismos modificados xeneticamente (OXM) e o control da alimentación por parte das transnacionais da biotecnoloxía (MONSANTO, PIONEER-SYNGENTA, BAYER...), entidades que lonxe de solventar os problemas de desigualdade e fame no mundo** imponen un modelo de produción insostíbel, inxusto e que atenta contra o dereito á soberanía alimentar dos pobos.

Asemade, Pontón amosouse receptiva perante da solicitude da PGA da **creación dun órgano de supervisión e seguimento** das medidas a adoptar para evitar a introdución de OXM's na Galiza.

Finalmente, a Plataforma Galega Antitransxénicos esixiu que a claridade do posicionamento recollido no programa electoral desta agrupación política sexa **transmitida de xeito contundente á cidadanía.**

Grazas pola vosa atención

Saúdos da Plataforma Galega Antitransxénicos

*Adxuntamos documentos.

**Dende 1996 a Arxentina incorporou de xeito masivo os cultivos transxénicos no seu agro. Nembargantes, a metade da poboación -18 millóns dun total de 37- atópanse por embaixo do umbral da pobreza. Namentras, a soia e o millo transxénico alimentan o gando e os coches dos países ricos.

■ Obterán máis información contactando con:

Nome	Responsabilidade	Teléfono
Charo Sánchez Parga	Voceira	669651700
Martíño Fiz	Voceiro	981 57 00 99
Analia Moares Lameiro	Voceira	988374318 / 660310049

COLECTIVOS INTEGRANTES DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS

- A Esmorga
- A Gentalha do Pichel
 - A Xoaniña
- AC Caleidoskopio
 - ADEGA
 - ADENCO
 - APEGA
- Alternativas Nómadas
 - Amarante
 - Amigos da Terra
 - Anacos da Cidade
 - Arrincadeira
- Asoc. Cultural Meiro
 - CIG-Servizos
 - CRAEGA
 - Coto do Frade
 - Cova da Terra
 - Eirado
 - Erva
 - FugaEmRede
- Fundación Sen Esquencer
 - Info-Transxenicos Tui
- Implicadas no Desenvolvemento
 - O Grelo Verde
- Rede de Consumo Consciente
 - Saramaganta
 - Semente
- Sindicato Labrego Galego
 - Verdegaiá
- Veterinarios Sen Fronteiras

Zonas Libres de Transxénicos na Galiza:

- Lalín (Pontevedra)
- Silleda (Pontevedra)
- Irixo (Ourense)
- Chantada (Lugo)
- Val do Dubra
- Ames (Coruña)
- Negreira (Coruña)
- Riotorto (Lugo)
- Verín (Ourense)
- Forcarei (Pontevedra)
- Ribadavia